

ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN CETMAR, A FUNDACIÓN AYUDA EN ACCIÓN E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS (ANFACO-CECOPESCA) PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA INICIATIVA DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR ACUÍCOLA E PESQUEIRO ARTESANAL NA BAÍA DE SECHURA, PERÚ.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte,

Paloma Dolores Rueda Crespo, na súa calidade de directora xerente da Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (en diante Fundación CETMAR), clasificada como de interese benéfico-social por Orde da Consellería da Presidencia e Administracións Públicas do 2 de xullo de 2001 (DOG do 13.07.2001) e declarada de interese galego por Orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura do 20 de xullo de 2001 (DOG do 27.07.2001), figurando inscrita co número 2001/15, e que intervéñ por conta e en representación da devandita Fundación, con capacidade para vinculala neste acto en exercicio das facultades delegadas por acordo adoptado polo seu Padroado na súa sesión ordinaria celebrada o día 27 de xuño de 2002.

Fernando José Mudarra Ruiz, director xeral da Fundación Ayuda en Acción con DNI 30531917S, actuando en nome e representación dela en virtude dos poderes dispostos no seu nomeamento por acordo do Padroado da Fundación Ayuda en Acción adoptado o 27 de xullo de 2017 conforme aos seus estatutos (certificado o 30.09.2016 e elevado a público ante o notario de Madrid Luís Quiroga Gutierrez).

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, na súa calidade de secretario xeral da Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos – Centro Técnico Nacional de Conservación de Productos de la Pesca (en diante ANFACO-CECOPESCA), con NIF G36625309, designado mediante escrito notarial de apoderamento outorgado con data de 30 de xullo de 2009.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,



Xacobeo 2021



EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co recto exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación para o desenvolvemento e co establecido no seu IV Plan Director (2018-2021), ten como desafío o reforzamento do modelo de actuación nos países prioritarios e comunidades socias, entre os que se atopa Perú, con base no establecemento de alianzas territoriais multiactor e multinivel, nos sectores de especialización da Cooperación Galega, como é o caso do sector pesqueiro e acuícola. Trátase de reforzar as capacidades da Cooperación Galega mediante o aumento da complementariedade entre actores e axentes, a través do impulso da coordinación, a colaboración e a concertación, poñendo en valor a capacidade e experiencia dos diferentes axentes, sobre todo naqueles ámbitos estratéxicos nos que Galicia conta con certa especialización e nos que pode aportar un valor engadido nas súas intervencións.

Segundo.- Que en febreiro de 2015 tivo lugar a sinatura dun Memorando de Entendemento Marco de Cooperación entre o Ministerio da Producción da República do Perú e a Xunta de Galicia, para colaborar na posta en marcha de proxectos e iniciativas de cooperación técnica, científica, tecnolóxica e de xestión, que deriven na mellora da xestión, produción e comercialización dos produtos pesqueiros e acuícolas, e que incrementen o desenvolvemento das poboacións costeiras, mediante a explotación racional e sostible dos recursos hidrobiolóxicos.

Terceiro.- Que a Xunta de Galicia xa viña desenvolvendo proxectos en apoio ao sector pesqueiro e acuícola e outros no Perú, concretamente na Baía de Sechura, da man de diferentes axentes e actores como a Fundación CETMAR, ANFACO-CECOPECA e a Fundación Ayuda en Acción.

Cuarto.- Que tendo en conta todo o anterior, no ano 2018 encargouse á Fundación CETMAR a realización dunha Misión de Identificación no ámbito da pesca e acuicultura artesanal, na que participaran os diferentes axentes e actores con experiencia na zona e sector de intervención e no que se recolleran especificamente as demandas e necesidades de apoio técnico das institucións de goberno no Perú.

Quinto.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, considera axeitado e conveniente a posta en marcha desta Iniciativa multiactor de desenvolvemento do sector pesqueiro e acuícola na Baía de Sechura no Perú.

A singularidade desta intervención vén determinada polas accións a poñer en marcha para o fortalecemento das capacidades de xestión e planificación nas institucións peruanas, a través da cooperación directa de carácter técnico e de transferencia tecnolóxica, que coordina e complementa a diferentes axentes e actores, aquí en Galicia e no Perú.

A especificidade das actividades obxecto do proxecto, que son de claro interese público, máis a natureza diversa das entidades implicadas, xustifican a necesidade dun Acordo marco de colaboración que centre as bases para a posta en marcha, conxunta e coordinada,

desta Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura en Perú.

Sexto.- Que por isto acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A través deste Acordo marco regúlase a participación das entidades asinantes na execución da Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura no Perú.

Vinculados a este Acordo marco serán asinados, sempre que se cumpra cos trámites legalmente esixidos, convenios coas diferentes entidades involucradas, onde se establecerán, de maneira conxunta e coordinada, os detalles e a temporalidade das actividades a executar por cada organización e nos que se determinen as obrigas orzamentarias de cada parte.

Serán asinados convenios plurianuais nos que se especificará o orzamento necesario en cada anualidade. O desembolso será de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25.06.2007).

Esta tipoloxía de convenios obrigará a unha revisión do conxunto da actuación unha vez finalizados os tres primeiros anos de execución, de cara a valorar a sinatura de novos convenios, que derivarían deste mesmo Acordo marco de colaboración.

SEGUNDA.- Obxectivos e compoñentes

O obxectivo xeral da Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura no Perú, é o de contribuír ao desenvolvemento económico e social das comunidades costeiras da Baía de Sechura, incrementando a competitividade do sector a través do fortalecemento institucional e organizacional, a transferencia tecnolóxica e a sustentabilidade ambiental.

A intervención desenvolverase ao redor de varios compoñentes e resultados:

1. Fortalecida a coordinación interinstitucional e a participación sectorial no deseño e implementación de políticas estratéxicas para pesca artesanal e acuicultura en Sechura.
2. Mellorada a empregabilidade dos profesionais do sector pesqueiro e acuícola.
3. Mellorada a capacidade de organización e a cultura empresarial das Organizacións Sectoriais de Pescadores Artesanais (OSPAS) e cooperativas.
4. Introducidas melloras tecnolóxicas na cadea produtiva de concha de abanico na Baía de Sechura.
5. Fortalecida a cadea de valor e a trazabilidade da concha de abanico.
6. Identificadas oportunidades de diversificación na Baía de Sechura.
7. Exploradas oportunidades de mellora para a xestión ambiental na Baía de Sechura.



Xacobeo 2021



TERCEIRA.- Marco xeográfico

Na fase de identificación tomouse como referencia a Baía de Sechura no Departamento de Piura, zona na que se porán en práctica as actividades previstas, coa intención de que a administración peruana se fortaleza no deseño e xestión de determinadas políticas que despois poidan ser replicadas de xeito autónomo noutras zonas do país.

CUARTA.- Marco temporal

O presente Acordo terá unha vixencia inicial de tres anos, contados dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, con posibilidade da prórroga da súa vixencia, a cal será acordada polas partes, por un período de ata tres anos adicionais.

As intervencións particulares que se deriven deste acordo marco respectarán a dita vixencia, sen prexuízo de que o período de execución destas poida comprender actuacións de preparación dende o 1 de xaneiro de 2019.

QUINTA.- Fontes de financiamento

As organizacións e institucións asinantes compartirán unha mesma fonte de financiamento proveniente da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante DXRREE e coa UE) ou do ente da Xunta de Galicia que a suceda.

A este orzamento compartido poderán sumárselle as contribucións que proveñan de cada unha das entidades participantes, como aportacións propias.

A procura de fontes de financiamento complementarias, tanto de institucións privadas, como doutras administracións e institucións públicas, interesadas en realizar aportacións económicas para a execución da Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura no Perú, correrá a cargo das institucións asinantes, que deberán comunicar e coordinar este feito coa DXRREE e coa UE.

Do mesmo xeito, as entidades participantes informarán á DXRREE e coa UE e ao resto dos socios na Intervención daquelas actuacións complementarias, propias ou alleas, que poidan xurdir, sometendo este feito á conformidade da DXRREE e coa UE, que avaliarán cada proxecto ou actuación concreta que se pretenda realizar no ámbito territorial e sectorial da Iniciativa, en base á súa idoneidade co resto de compoñentes estratéxicos, valorando a opinión das entidades participantes e en base á optimización financeira.

SEXTA.- Reparto de áreas de traballo e institucións responsables

A DXRREE e coa UE promotora desta Iniciativa, será a encargada de liderar e coordinar, xunto coa Fundación CETMAR, o seu desenvolvemento e implementación.

Para o desenvolvemento de cada un dos compoñentes previstos na cláusula 2 do presente Acordo marco, contarase coa participación das seguintes entidades, segundo a distribución que a continuación se expón:

1. Fortalecida a coordinación interinstitucional e a participación sectorial no deseño e implementación de políticas estratéxicas para pesca e acuicultura en Sechura: Fundación



Xacobeo 2021



CETMAR, ANFACO-CECOPESCA e Fundación Ayuda en Acción, co apoio do Ministerio da Produción (PRODUCE).

2. Mellorada a empregabilidade dos profesionais do sector pesqueiro e acuícola: Fundación CETMAR, ANFACO-CECOPESCA e Fundación Ayuda en Acción, co apoio do Ministerio da Produción (PRODUCE) e a colaboración do Sistema Nacional de Avaliación, Acreditación e Certificación da Calidade Educativa (SINEACE).

3. Mellorada a capacidade de organización e a cultura empresarial das OSPAS: Fundación Ayuda en Acción, ANFACO-CECOPESCA e Fundación CETMAR, co apoio do Ministerio da Produción (PRODUCE).

4. Introducidas melloras tecnolóxicas na cadea produtiva da concha de abanico na Baía de Sechura: Fundación CETMAR, ANFACO-CECOPESCA e Fundación Ayuda en Acción, co apoio de Ministerio da Produción (PRODUCE).

5. Fortalecida a cadea de valor e a trazabilidade da concha de abanico: ANFACO-CECOPESCA en colaboración co Ministerio da Produción (PRODUCE) e o Organismo Nacional de Sanidade Pesqueira (SANIPES).

6. Identificadas oportunidades de diversificación na Baía de Sechura: Fundación CETMAR, ANFACO-CECOPESCA e Fundación Ayuda en Acción, co apoio do Ministerio da Produción (PRODUCE), técnicos do Instituto do Mar de Perú (IMARPE) e Universidades.

7. Exploradas oportunidades de mellora para a xestión ambiental na Baía de Sechura: CETMAR, ANFACO-CECOPESCA e Fundación Ayuda en Acción, co apoio do Ministerio da Produción (PRODUCE).

SÉTIMA.- Coordinación de actores e seguimento

As intervencións de desenvolvemento integral dun sector ou territorio teñen por obxecto facilitar a xeración e optimización de sinerxías a partir dunha maior coordinación e complementariedade entre os actores que nela interveñen. Ten como fundamento a procura da participación e do consenso do conxunto de actores. Planéanse como un marco referencial, orientador e asesor, que pretende contribuír a mellorar a eficiencia, os resultados e o impacto das actuacións do conxunto de actores, instrumentos, recursos e capacidades da cooperación directa da Xunta de Galicia.

Para garantir unha adecuada coordinación de actores e seguimento da iniciativa, máis alá dos procedementos de coordinación previstos en terreo e nos que participarán as institucións do Goberno do Perú, en Galicia constituirase unha Comisión de Coordinación e Seguimento, que estará composta por un/unha representante de cada unha das entidades asinantes del.

Esta Comisión responsabilizarase de velar pola correcta coordinación de actores, de valorar a idoneidade de financiamentos complementarios e de dar seguimento ás actuacións.

Esta Comisión reunirse como mínimo semestralmente e sempre que o solicite algunha das partes.

OITAVA.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente Acordo:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo desistimento dalgunha das partes, manifestado por escrito.



Xacobeo 2021



NOVENA.- Natureza do Acordo

O presente Acordo ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da Comisión Mixta, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMA.- Financiamento

O presente Acordo marco non contempla consignación orzamentaria nin transferencia de fondos por ningunha das partes asinantes.

A consignación orzamentaria e as transferencias necesarias para a execución desta Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, estableceranse nos convenios que se asinarán en desenvolvemento deste Acordo con cada unha das entidades participantes.

UNDÉCIMA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do Acordo manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan nel, así como o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase por cuadriplicado polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA



Alfonso Rueda Valenzuela

A DIRECTORA XERENTE DA
FUNDACIÓN CETMAR



CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR
FUNDACIÓN CETMAR
CIF: G-38.885.853
Eduardo Cabello, s/n.
36208 VIGO

Paloma Dolores Rueda Crespo

O DIRECTOR XERAL DA FUNDACIÓN
AYUDA EN ACCIÓN

Fernando José Mudarra Ruiz

O SECRETARIO XERAL DE ANFACO-
CEOPESCA



ANFACO
CEOPESCA
VIGO

Juan Manuel Vieites Baptista de
Souza